

DÍA DAS LETRAS GALEGAS

2013

ROBERTO VIDAL BOLAÑO

GUIA DIDÁCTICA

PEQUENA BIOGRAFÍA

“Eu son un home... un señor maior con chapeu e bigote, que de xeito absolutamente irresponsable, persiste na estúpida teima de vivir por e para unha das profesions, hoxe en día, máis absurdas do mundo e sen embargo por iso máis grandiosas.”

Roberto Vidal Bolaño, nado en Santiago de Compostela o 31 de xullo de 1950 e falecido na mesma cidade o 11 de setembro de 2002, foi autor e actor de teatro galego, pioneiro da dramaturxia profesional en Galicia.

A súa produción está caracterizada polo compromiso co país e a lingua, a experimentación estética, e o diálogo coa tradición, tanto culta como popular, literaria e histórica, social e política. O feito de que Vidal Bolaño escribise para a súa compañía, coa urxencia que esixe a obrigada estrea anual e a atención dedicada ao texto espectacular, non empeceu en absoluto a calidade literaria dos seus textos dramáticos, nos que as resonancias de Otero Pedrayo e Valle Inclán se transforman en esmaltes que enriquecen a súa literatura e agasallan ao lector.

A pesar de que xa nas décadas dos setenta e oitenta lograra diversos premios (“Abrente”, “O Facho” e “Ciudad de Valladolid”), como aconteceu con outros integrantes do “Grupo Abrente”, o recoñecemento artístico de Vidal Bolaño non se produciu até os anos noventa, cando a obtención de premios institucionais, galegos e portugueses (“Rafael Dieste”, “Alvaro Cunqueiro”, Xacobeo 92”, “Eixo Atlántico”, “María Casares”..), normalizou tanto a publicación das súas obras como o seu coñecemento por parte da prensa e, en consecuencia, do público.

A súa forte personalidade deixou unha profunda pegada nos dramaturgos máis novos, cuxo alcance se verá co transcorrer do tempo.

A figura e a obra de Roberto Vidal Bolaño foron fundamentais na construción dun teatro nacional galego.

Nas rúas de Compostela botamos en fala o andar pousado de Roberto Vidal Bolaño. Damos aínda media volta cando vemos un chapeo negro sobre unha longa figura, e continuamos...(Nestor Rego).

A SÚA OBRA

Teatro

Laudamuco, señor de ningures (1976, Pico Sacro)

Bailadela da norte ditosa (1980, 1992, Sotelo Blanco)

Agasallo de sombras (1992, El Correo Gallego)

Cochos (1992, Sotelo Blanco)

Días sen gloria (1992, Deputación da Coruña)

Saxo tenor (1993, Xerais)

As actas escuras (1994)

Touporroutou da lúa e do sol (farsada choqueira para actores e bonecos ou viceversa) (1996, AS-PG)

Doentes (1998, Deputación da Coruña)

A ópera de a patacón: versión libre para charanga e comediantes pouco ou nada subsidiados (1998, Xerais)
Rastros (1998, Positivas)
A burla do galo (2000, Xunta de Galicia)
Mar revolto (2001, Xunta de Galicia)
Integral (2003, Embora)

Ensaio

Prespectivas do teatro galego actual (2002)

Colectivas

Circo de medianoite; Maremia; Actas escuras, con M Lourenzo e E. Ruibal (1998)
Daquel abrete, con Francisco Taxes (2003, Xunta de Galicia)
Animaliños, con Luis Alonso Girgado (2003, Follas Novas)

PREMIOS E RECOÑECIMENTOS

Abrente (1996), con Laudamaco señor de Ningures
Facho (1977). Mención honorífica con Xaxara, Paniogas, Tarelo, o Rapaz e o Cachamón ou trocar un rato pequeno o meirande xigantón.
Abrente (1998) Mención especial (Memorias de mortos e ausentes)
Facho (1979) Mención honorífica con Ruada das papas e do unto.
Abrente (1980), con Bailadela da Morte Ditosa
Medalla de ouro (Premio Cidade de Valladolid) (1983-84) por unha adaptación teatral de textos de Xosé Luis Ferrín.
Premio Álvaro Cunqueiro
Premio Xacobeo (1992)
Premios Rafael Dieste 1992 e 1997 da Deputación da Coruña
Premio María Casares da AAAG en catro ocasións (1998, 1999, 2001 e 2003)
Premio Eixo Atlántico
Premio Maruxa Villanueva (2001) do Concello de Padrón
Premios Max de Teatro (2001) (mellor texto de teatro en lingua galega pola súa obra “Criaturas”)
Día das Letras Galegas 2013

**NOTA: Rúas en Santiago, Perillo e Oleiros levan a seu nome.
Tamen o auditorio de Gondomar leva a seu nome.**

REFLEXIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA DA SEGUNDA METADE DO SECULO XX

A partir de 1960 prodúcese un conxunto de cambios no ámbito económico e social de Galicia.

A aparición de publicacións como “Grial”, a celebración do “Día das Letras Galegas”, (dese o 1963) a fundación de “Edicións do Castro”, así co mo o rexurdimento de novas asociacións culturais en defensa do idioma galego “O Facho”, “O Galo”, La Asociación Cultural de Vigo, o Ateneo de Ourense...

A universidade galega non quedou á marxe destas inquietudes creando a partires de 1965 a Cátedra de Lingua e Literatura Galega a cargo de Ricardo Carvalho Calero. Seis anos despois naceu o Instituto da Lingua Galega cunha obra investigadora, didáctica, docente, divulgadora e normativizadora desenvolvida ata a actualidade.

A produción literaria galega comenza unha base solida: “Longa noite de pedra” (1962), de Celso Emilio Ferreiro, representa a liña social e cívica caracterizadora da poesía galega da década dos 60.

Lueiro Rey, Bernardino Graña e Manuel María, nova narrativa galega, Xavier Carro, Carlos Casares etc. son algúns dos autores desta lírica que tenta de conxugar o discurso político co literario.

Nos anos 70 e 80 Galicia pasa de ser un país produtor de poesía a interesar e implicar a moita mais xente na literatura, producindo diversos tipos de ensaio sociolingüísta e literario – Basilio losada, Francisco Pillado-, teolóxico e relixioso – Andrés torres Queiruga, Chao Rego-, filosófico –Martínez Marzoa-, histórico – Ramón Villares, Felipe Senén, Xosé Ramón Barreiro, pasando por libros, crónicas políticas, revistas etc.

Co reximen democrático Galicia convertese en Comunidade Autónoma, tendo como linguas oficiais o galego e o castelán.

Paralelamente cunha lexislación reguladora dos usos do idioma, chegabase a elaboración dunha lingua estándar, por riba das diferencias dialectais. O instituto da Lingua Galega e a Real Academia Galega propuseron no ano 1982 as “Normas Ortográficas e Morfolóxicas do idioma galego”, que alcanza un carácter oficial coa promulgación da “Lei de Normalización Lingüística”. A revisión e actualización mais recente destas normas é do ano 2003.

No ano 1981 se aproba o Estatuto de Autonomía que senta as bases dunha recuperación lingüística e cultural.

No ano 1985 creanse a Televisión de Galicia (TVG) e a Radio Galega.

A televisión é unha canle fundamental para manter a presenza da lingua galega nos medios de comunicación audiovisuais e contribuír á súa normalización nese eido, en tanto que a radio ten o mérito de manter un servizo radiofónico monolingüe de calidade e con interese pola cultura propia.

Estes dous medios audiovisuais son referentes no ámbito dos medios de comunicación actuais e presentan índices de audiencia aceptables.

Foi a TVG a que rachou con mais tópicos e prexuízos mostrando as persoas de diversas nacionalidades e épocas falando en galego.

O proceso de normalización non está rematado e a situación da lingua galega sendo a maioritaria entre os galegos e galegas continúa a ser minorizada polo que podemos concluír que a mellora das actitudes cara á lingua non mudou substancialmente os efectos do conflito lingüístico.

O ILGA representa a institución académica máis viva e productiva durante unha década (anos 80) para fornecer de base científica a recuperación da lingua galega e divulgar o seu traballo a nivel social con criterios prácticos.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela é a sede do goberno autónomo galego (Xunta de Galicia) e do Parlamento.

Destaca por ser un importante núcleo de peregrinación cristiá, xunto con Jerusalén e Roma, ao dicir a tradición que nela esta a sepultura do apóstolo Santiago o Maior.

É tamén importante pola súa universidade de máis de 500 anos de historia.

É ademais o fin da vía orixinariamente construída polo Imperio romano do camiño de Santiago, privilexio que outros conceden a Fisterra.

O lugar debeu de estar habitado xa na época pre romana como demostra o topónimo precelta SAR, “corrente de auga”, a existencia dunha mámoa, e dous topónimos célticos, Callobre, primitivo nome do Castro, e Troia de Turobriga, “cidade forte”, e dos primeiros tempos da romanización poden ser algunhas inscricións funerarias e moitos sepulcros que se colocaban a beira dos camiños.

Este lugar tivo tres nomes: Asseconia, Libredón, Arcis Marmoricis, ata que no século X comenzase a falar de Compostella.

O nacemento de Santiago, tal e como se coñece hoxe, está ligado a descuberta dos restos do Apóstolo Santiago entre o 820 e o 835, a elevación do rango relixioso dos restos, a universidade, e hoxe en día a capitalidade de Galicia.

No ano 1075 o bispo Diego Peláez deu comezo á construción da catedral románica.

Entre os séculos XII e XIII foise artellando a rede de rúas dentro do recinto amurallado. Coa peste negra a cidade tivo unha forte caída demográfica que comezou a remontar a partir de 1380.

No século XV a cidade tiña entre 4 e 5 mil habitantes.

O cabildo compostelán dirixido por Diego de Muros III promoveu obras de grande importancia como o Estudo Vello, base da futura universidade, que foi fundada en 1495 por Lope Gómez de Marzoa. Este feito e o labor do arcebispo Alonso III de Fonseca danlle un novo pulo á cidade a pesar do relativo descenso da importancia da cidade.

Santiago foi sede da Real Audiencia del Reino de Galicia desde 1508 ate 1578.

A principios do século XVII prodúcese outro período de decadencia na cidade xa que en 1643 as cortes propoñen un novo copatrono de España, san Miguel Arcángel, pero isto durou pouco xa que ese mesmo ano Felipe IV estableció a Santiago como patrón único ordenado que todos os 25 de xullo se fixera unha ofrenda real de 1000 escudos de ouro ao arcebispado.

En Santiago naceu o primeiro xornal galego “El Catón Compostelano” no ano 1800.

No século XIX existen fábricas de tipo artesanal de curtidos, chocolate e gaseosas, sin embargo non houbo tren á Coruña até o ano 1943.

No ano 1950 Santiago tiña unha poboación de dereito de 55.553 habitantes, mentres que no último censo do ano (2008) da 95.092 habitantes.

O establecemento da autonomía en Galicia fixo a Santiago capital de Galicia, conseguindo outro novo pulo a finais do século XX, aínda que isto foi contrarrestado polo decrecemento da cidade como cidade universitaria tras a creación de universidades en A Coruña e Vigo.

DEBUXOS

A mostra consta de 10 carteis que identifican a época e tentan interpretar a súa vida e obra.

Os carteis foron feitos sobre cartolina con ceras brandas, lapis, carboncillo etc.

A realización dos carteis implicou un traballo de investigación na aula por parte dos mestres e mestras, así como do alumnado, manipulativo na realización dos carteis e de traballo dixital na súa posprodución.

Os obxetivos que pretendemos son.

- a) Potenciar a interpretación da vida e da obra de Roberto Vidal Bolaño.**
- b) Coñecer a realidade socio-cultural da época**
- c) Motivar ao estudantado sobre a investigación dos nosos ilustres devanceiros.**
- d) Fomentar a valoración das construcións individuais e colectivas na dignificación e normalización da lingua galega.**
- e) Impulsar a realización de actividades que fomenten a colaboración interdepartamental e que potencien a implicación de profesorado e alumnado.**
- f) Fomentar e difundir unha visión persoal por parte da comunidade educativa sobre a figura de Roberto Vidal Bolaño.**
- g) Divulgar materiais en lingua galega.**

CARTEL 1

1950 NACEMENTO

Descrición do contexto do cartel

En Santiago de Compostela (A Coruña) nace Roberto Vidal Bolaño o 31 de xullo de 1950.

Santiago é unha cidade de grande importancia relixiosa e universitaria.

O peso cultural de Santiago na sociedade galega marcaría a súa traxectoria profesional.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Roberto Vidal Bolaño

Situà nun mapa de Galicia a Santiago de Compostela

Di cales son as 4 provincias de Galicia

Busca o río que pasa por Santiago de Compostela e anota o seu nome

Cita 3 monumentos importantes da cidade de Santiago

Investiga o significado do nome do río Sar

Actividades vinculadas á investigación de coñecemento do contexto

Infórmate sobre o sepulcro do Apóstolo.

Infórmate de cómo sería a vida dos primeiros habitantes de Callobre

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Un dos lugares máis típicos en Santiago é a praza do Obradoiro, fai un debuxo dela.

Fai un plano do Santiago antigo.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade.

Fai unha pequena redacción de cómo sería a vida en Santiago no ano 1950, lembra que era unha pequena vila de pouco máis de 50.000 habitantes.

CARTEL 2

EMPREGADO DE BANCA

Descrición do contexto do cartel

Nos anos 70, Santiago de Compostela era unha cidade eminentemente universitaria, o centro de reunión da xuventude xiraba arredor da Zona Vella, as tazas da Rúa do Franco, os paseos pola Rúa do Vilar e Rúa Nova, as cancións na Praza da Quintana.

Nesta praza, a da Quintana, xuntábanse os novos cantantes e os escritores noveis. Nestes anos Roberto Vidal Bolaño era empregado de banca, actividade que non lle impediu fundar en 1974, xunto coa actriz Laura Ponte Santasmarinas, actriz galega nada en Bos Aires, o grupo de teatro Antroido.

Na segunda metade do século XX (décadas 60 e 70) a actividade constructiva da cidade vaise centrar no Campus, un tempo marcado polas tensións e especulacións inmobiliarias que dan orixen ao actual ensanche.

Un feito histórico decisivo para a cidade de Santiago foi a constitución (en 1980) da Comunidade Autónoma de Galicia e a súa designación como sede da Xunta de Galicia e das Institucións Autonómicas, convertíndose en capital política e administrativa de Galicia. Ademais Compostela experimentou un forte pulo como cidade cultural, comercial e de servizos, imponéndose unha redefinición do papel da cidade e das súas infraestruturas.

Actividades vinculadas á investigación da figura de Roberto Vidal Bolaño

Explica como cres que sería a vida cotiá dun estudante universitario en Santiago nos anos 70.

Averigua cales eran os principais lugares de ocio en encontros (tertulias etc.) naquela época.

Investiga os cinemas que tiña Santiago nos anos 70

Que pensas que significou Santiago na vida de Roberto Vidal Bolaño (de mozo)?

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Procura información sobre o edificio que albergaba a facultade de Filosofía e Letras nos anos 70.

Busca información sobre o galeguismo e outros movementos políticos dos anos 70.

Indaga sobre a sociedade compostelá dos derradeiros anos do século XX.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas.

Debuxa a antiga facultade de Filosofía e Letras

Debuxa algún edificio representativo de Santiago de Compostela.

Actividades vinculadas á expresión escrita e á oralidade.

Fai unha redacción sobre a vida bohemia

CARTEL 3

TEATRO

GRUPO DE TEATRO ANTROIDO 1974

Descrición do contexto do cartel

Empregado de banca no ano 1974 fundou, xunto a Laura Ponte Santasmarinas, o Grupo de Teatro Antroido.

Con Antroido acudiu ás Mostras de Teatro Abrente de Ribadavia (1973-1980), onde se deu a coñecer como dramaturgo e escenógrafo, isto último co pseudónimo de Julia Brens.

Debido a ser despedido en 1977 do banco no que traballaba, viuse na obriga de converter o Grupo Antroido na primeira compañía teatral profesional galega.

Tamén foi un dos primeiros directores que participaron do teatro institucional, levando ao taboado co Centro Dramático Galego en 1984 a obra da súa autoría “Agasallo de sombras”.

No ano 2001, representou, tamén co Centro Dramático Galego, a “Rosalía” que Ramón Otero Pedrayo escribiu en 1958.

Actividades vencelladas á investigación da figura de Roberto Vidal Bolaño

Descobre quen son estes persoeiros e a súa influencia na obra de Roberto Vidal Bolaño.

**Ramón Otero Pedrayo
Rosalía de Castro
Ramón M^a del Valle Inclán**

Actividades vencelladas á investigación e ao coñecemento do contexto

Pescuda o que é o Centro Dramático Galego e valora a súa importancia para Galicia.

Pescuda sobre grupos de teatro galegos da actualidade.

Pescuda sobre o nome do grupo sucesor do grupo Antroido (xa desaparecido)

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Traballa conceptos como a liberdade....

Actividades vencelladas á expresión escrita e á oralidade

Tenta ler e copiar algún paragrafo do seu ensaio “Prespectiva do teatro galego actual” (2002).

Na obra Saxo Tenor, pescuda cal non é un personaxe da obra

O tio Sam, Lola, María, o home da gabardina, Senesio, Molina, a señora elegante.

CARTEL 4

CINE

Descrición do contexto do cartel

Cultivou, alén da dramática, o audiovisual, realizando guións para Televisión de Galicia e a Televisión Española, con traballos como “Malos tratos”, “Novo de Parmuide” ou “Morosos varios”. Tamén levou á pantalla relatos de grandes escritores galegos do século XX, como Ánxel Fole (“Cara de Lúa”) e Eduardo Blanco Amor (O Noxo).

Participou como actor en películas como “Sempre Xonxa” (mestre) ou “A lingua das bolboretas”, e series televisivas como “Mareas vivas” ou “Un mundo de historias”.

Vidal Bolaño destacou como actor, director, escenógrafo e iluminador.

Audiovisual:

1987 Novo de Parmuíde. Telefilme. Director

1989 Os outros feirantes. Serie de televisión

1989 Sempre Xonxa. D. Xosé Luís Filme

1990 Morosos. Director

1991 O resplandor da morte. Curtametraxe

1991 Memorias dun parado. Curtametraxe

1992 Un café de ollos verdes. Telefilme

1997 A noiva de medianoite. Pedro Filme.

1999 A lingua das bolboretas. Boal Filme

1999 Amor Serrano. Amadeo curtametraxe.

2000 Un mundo de historias. Serie de televisión. (Tamén guionista)

Actividades vencelladas á investigación da figura de Roberto Vidal Bolaño

Procura información sobre a serie de televisión “un mundo de historias” (2000), do que tamén foi guionista, e da serie de televisión “os outros feirantes” (1989)

Actividades vencelladas á investigación e ao coñecemento do contexto

Investiga sobre o cinema galego de finais do século XX.

Procura información sobre a Televisión de Galicia.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa unha rodaxe de TV ou de cinema.

Actividades vencelladas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha redacción sobre o argumento de algunha destas películas.

“Sempre Xonxa”

“A lingua das bolboretas”

CARTEL 5

LIBROS

ESCRITOR

Descrición do contexto do cartel

A súa produción está caracterizada polo compromiso co país e a lingua, a experimentación estética, e o diálogo coa tradición, tanto culta como popular, literaria e histórica, social e política. O feito de que Vidal Bolaño escribise para a súa compañía, coa urxencia que esixe a obrigada estrea anual e a atención dedicada ao texto espectacular, non empeceu en absoluto a calidade literaria dos seus textos dramáticos, nos que as resonancias de Otero Pedrayo e Valle Inclán se transforman en esmaltes que enriquecen a súa literatura e agasallan ao lector.

A súa forte personalidade deixou unha profunda pegada nos dramaturgos máis novos, cuxas consecuencias se verán co trancorrer do tempo.

A figura e a obra de Roberto Vidal Bolaño foron fundamentais na construción dun teatro nacional galego.

Actividades vencelladas á investigación da figura de Roberto Vidal Bolaño

Investiga as razóns que o levaron a ser actor e escritor deixando o seu traballo no banco.

Investiga a influencia que tivo o seu traballo de escritor e guionista na cultura galega.

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Procura información sobre escritores, actores e músicos da década dos 70 e 80 do século pasado.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Fai un debuxo sobre algunha pasaxe da vida de Roberto Vidal Bolaño nos anos 70

Actividades vencelladas a expresión escrita e a oralidade

Fai unha redacción sobre a Televisión de Galicia.

CARTEL 6

ACTOR TEATRAL

Descrición do contexto do cartel

Traballador incansable, amante de Galicia tomou parte na organización e desenvolvemento de diversos grupos de teatro.

Non podemos falar aquí de todas as industrias nas que participou, por iso centrémonos nos temas de organización teatral. Grupo Antroido (1974). Teatro do Aquí (1975), Teatro do Estaribel.

Actividades vencelladas a investigación da figura de Roberto Vidal Bolaño

Investiga e contesta.

Cal crees que sería o papel de Roberto Vidal Bolaño na creación destas industrias.

Cal ou cales serían os motivos de participar na formación de tantos grupos de teatro galegos.

Actividades vencelladas á investigación e ao coñecemento do contexto

Sitúa nun mapa de Galicia a localización destas cidades

Ribadavia

Santiago de Compostela

Ribeira

Padrón

Vilagarcía de Arousa

A Coruña

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Fai un debuxo dunha representación teatral.

Actividades vencelladas á expresión escrita e á oralidade

Escrebe dúas pequenas historias nas que imaxines como sería un día na vida de Roberto Vidal Bolaño, partindo destas dúas circunstancias.

En Santiago de Compostela como escritor e actor, e outra como contertulio de dous cafés da Rúa Nova.

CARTEL 7

CONTERTULIO EN SANTIAGO

Descrición do contexto do cartel

A finais dos anos 70 organizaronse en Santiago varias tertulias con xentes do mundo do teatro, músicos, escritores que se xuntaban na praza da Quintana de Santiago de Compostela, para falar dos seus proxectos e inquedanzas. Anxo Rey Ballesteros, Emilio Cao e o propio Roberto fixeron unha interesante tertulia.

Actividades vencelladas á investigación da figura de Roberto Vidal Bolaño

Intenta descubrir os temas de conversa desas tertulias.

Actividades vencelladas á investigación e ao coñecemento do contexto

Localiza sobre un plano de Santiago onde esta a Praza da Quintana.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Fai un debuxo sobre a tertulia.

Actividades vencelladas á expresión escrita e á oralidade.

Fai unha pequena redacción sobre un diálogo entre contertulios.

CARTEL 8

ESCENÓGRAFO E ILUMINADOR

Descrición do contexto do cartel

O escenógrafo é o autor da escenografía, o responsable de definir e deseñar todos os elementos visuais dunha escenificación.

O seu traballo realízase en colaboración co director de escena, que é o último responsable da escenificación. É habitual que unha mesma persoa asuma todas ou parte de cada unha das áreas que abrangue a escenografía.

O iluminador alumbra cun reflector, lámpada, etc. Segue aos actores dacordo cos personaxes principais ou as partes importantes dos actos. Ilumina a quen fala e cambia as intensidades de luces, dependendo dos elementos técnicos que teña á man tratando de aopiar o mais salientable dos personaxes: tristeza, medo, horror, etc.

Actividades vencelladas á investigación da figura de Roberto Vidal Bolaño

Explica cales serían os traballos dun iluminador de teatro.

Define o que é a escenografía

Cal sería a diferenza entre iluminar unha escea de medo e outra de alegría.

Actividades vencelladas á investigación e ao coñecemento do contexto

Procura información sobre as diferenzas entre a escenografía de principios do século XX e a actual.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa un escenario coa súa iluminación

Actividades vencelladas a expresión escrita e a oralidade

Fai unha redacción sobre o traballo dun iluminador escenógrafo

CARTEL 9

DOBRADOR DE PELICULAS

Descrición do contexto do cartel

A dobraxe é o proceso de gravar e substituír voces nun produto cinematográfico ou televisivo despois da súa produción e estrea orixinal. O termo é xeralmente para se referir á substitución dos diálogos falados polos actores no idioma orixinal por outros diálogos idénticos noutro idioma.

A dobraxe tamén se describe como o proceso de regravación de liñas de diálogo faladas por un actor durante a produción orixinal, e que debe ser substituído para mellorar a calidade de audio ou reflectir os cambios de diálogo. A música tamén é dobrada nunha película despois de que a súa edición fose completada. Filmes, vídeos e as veces videoxogos, son dobrados no idioma local para o mercado estranxeiro.

As Comunidades Autónomas de Cataluña, Comunidade Valenciana, Baleares, Galicia e País Vasco contan á súa vez con dobraxes nas súas respectivas linguas co-oficiais, distintas ao español.

Actividades vencelladas á investigación da figura de Roberto Vidal Bolaño

Pescuda algunha serie ou película dobrada por Roberto Vidal Bolaño

Dí a diferenza entre voz aguda e voz fonda.

Coñeces algunha serie de televisión non dobrada?

Actividades vinculadas á investigación e ao coñecemento do contexto

Pescuda información sobre o nacemento da dobraxe

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa unha cabina de dobraxe.

Actividades vencelladas á expresión escrita e á oralidade

Fai unha redacción de cómo debe ser o traballo dun dobrador de películas.

CARTEL 10

PREMIOS E DISTINCIÓNS

DIA DAS LETRAS GALEGAS 2013

Descrición do contexto do cartel

O cartel representa as moitas distincións coas que foi agasallado ao longo da súa curta vida.

- **Abrente (1976), con Laudamuco señor de ningures.**
- **Facho (1977). Mención honorífica con Xaxara, Paniogas, Tarelo, o Rapaz e o Cachamón ou trocar en rato pequeno o meirande xigantón.**
- **Abrente (1978). Mención especial (Memorias de mortos e ausentes).**
- **Facho (1979). Mención honorífica con Ruada das papas e do unto.**
- **Abrente (1980), con Bailadela da morte ditosa.**
- **Medalla de ouro (Premio cidade de Valladolid) (1983-1984) por unha adaptación teatral de textos de Xosé Luís Méndez Ferrín.**
- **Premio Álvaro Cunqueiro.**
- **Premio Xacobeo (1992).**
- **Premios Rafael Dieste 1992 e 1997 da Deputación da Coruña.**
- **Premio María Casares da AAAG en catro ocasións (1998, 1999, 2001 e 2003).**
- **Premio Eixo Atlántico.**
- **Premio Maruxa Villanueva (2001) do concello de Padrón.**
- **Premios Max de teatro (2001) (mellor texto de teatro en lingua galega pola súa obra Caricaturas).**

- **Día das letras galegas 2013.**

Actividades vencelladas á investigación de Roberto Vidal Bolaño

**Investiga os motivos polos cales foi merecente do Día das Letras Galegas 2013.
Investiga sobre o premio María Casares**

Actividades vencelladas á investigación a ao coñecemento do contexto

Pescuda cales foron os personaxes cos que tivo relación de carácter literario e intelectual.

Actividades que fomentan as destrezas manipulativas

Debuxa un acto de entrega de premios.

Actividades vencelladas á expresión escrita e á oralidade

Copia un acto da obra de teatro Laudamuco, señor de Ningures (1976) e fai un pequeno comentario sobre ela.

Referencias bibliográficas:

Gran enciclopedia galega

O teatro galego (edicións do Castro)

O teatro galego contemporáneo (1936-1996) (Universidade da Coruña)

Diccionario do teatro galego (Sotelo Blanco)

Ladaumaco señor de ningures (Ed. Pico Sacro)

Cochos (Ed. Sotelo Blanco)

Saxo Tenor (Xerais)

Mar Revolto (Consellería de Cultura)

As actas escuras (concello de Santiago)